

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 7718** *Real decreto lei 12/2017, do 3 de xullo, polo que se modifica o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, en canto ao sistema de compensación equitativa por copia privada.*

I

A normativa reguladora da propiedade intelectual, recollida no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, configura o sistema de protección dos dereitos de autor e dereitos conexos en España. Entre eles encóntrase o dereito patrimonial de reprodución que lexitima o seu titular a autorizar ou prohibir a produción de copias da súa obra. Non obstante, o dito dereito ten unha serie de límites específicos entre os que se encontra a copia privada, cuxa regulación deriva da Directiva 2001/29/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, relativa á harmonización de determinados aspectos dos dereitos de autor e dereitos afíns aos dereitos de autor na sociedade da información. En virtude deste límite, unha persoa física pode realizar unha copia dunha obra xa divulgada sempre que sexa para o seu exclusivo uso privado e sen fins directa ou indirectamente comerciais. Como contrapartida, a citada directiva obriga a establecer unha vía para que os titulares dos dereitos sobre a obra reproducida reciban unha compensación equitativa.

A actual regulación do límite de copia privada e a súa compensación é consecuencia da modificación introducida no texto refundido da Lei de propiedade intelectual polo Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, e pola Lei 21/2014, do 4 de novembro, pola que se modifica o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril, e a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil. Segundo a dita regulación, o financiamento da compensación equitativa por copia privada corre a cargo dunha partida dos orzamentos xerais do Estado de cada ano. Trátase dun sistema de financiamento que non é novo, posto que xa se aplica nalgúns países da nosa contorna europea, e que se introduciu no ordenamento xurídico español con carácter transitorio até ter unha directriz clara por parte da Unión Europea nesta materia.

Neste sentido, os recentes pronunciamentos xudiciais europeos e nacionais interpretando a Directiva 2001/29/CE deixaron sen vixencia a actual regulación da compensación equitativa por copia privada. Porén, o recoñecemento do límite ao dereito de reprodución por copia privada permanece en vigor. Na medida en que, como se indicou anteriormente, a Directiva 2001/29/CE exige o recoñecemento dunha compensación equitativa cando se recoñeza o referido límite, resulta obrigado, para cumprir co dereito da UE, regular urxentemente un novo sistema que resulte conforme coa xurisprudencia europea e nacional.

II

En termos xerais, substitúese o actual modelo de compensación equitativa financiado con cargo aos orzamentos xerais do Estado por un modelo baseado no pagamento dun importe que deberán satisfacer os fabricantes e distribuidores de equipamentos, aparellos e soportes de reprodución. Trátase dun sistema, con vocación de permanencia, que responde de maneira equilibrada ás necesidades dos consumidores e dos diferentes sectores implicados, incluídos os titulares de dereitos de propiedade intelectual, e que

prevé unha compensación equitativa que cumpre tanto co dereito europeo como co nacional.

En primeiro lugar, precísanse aspectos puntuais da definición do límite de copia privada. Concretamente, a letra b) do número 2 do artigo 31 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, distinguindo a situación en que a fonte a partir da que se realiza a copia privada é lícita daquela en que a fonte é ilícita.

En segundo lugar, modifícase a regulación da compensación equitativa polo límite de copia privada contida no artigo 25 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual. A modificación introduce o contido esencial da súa regulación remitindo a unha posterior norma regulamentaria o desenvolvemento dos aspectos procedementais para facer efectiva a compensación.

Considéranse suxeitos acredores da compensación equitativa e única os autores de libros ou publicacións asimiladas, fonogramas e videogramas, conxuntamente cos editores, os produtores de fonogramas e videogramas e os artistas intérpretes ou executantes cuxas actuacións fosen fixadas nos ditos fonogramas e videogramas. Os investimentos que realizan con vistas a explotar as obras que forman parte das súas publicacións tamén sofren un prexuízo pola vixencia do límite de copia privada. Por este motivo recoñécéselles a condición de suxeitos acredores sen privar os autores da compensación equitativa a que teñen dereito. E considéranse suxeitos debedores e, por tanto, obrigados ao pagamento da compensación equitativa, os fabricantes en España de equipamentos, aparellos e soportes materiais de reprodución, en canto actúen como distribuidores comerciais, así como os adquirentes destes fóra do territorio español para a súa distribución comercial ou utilización dentro deste.

O instrumento xurídico onde se concretarán os equipamentos, aparellos e soportes de reprodución suxeitos ao pagamento da compensación equitativa, así como a contía desta, será unha orde do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais, por proposta dos ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de consulta ao Consello de Consumidores e Usuarios e informe á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. Durante a súa elaboración, en que se aplicarán os criterios recollidos na propia lei, concederáse audiencia aos representantes dos diferentes sectores implicados e será preceptiva a emisión dun informe consultivo por parte da Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual.

Por último, introdúcese na regulación da compensación equitativa un sistema de exceptuación e reembolso adaptado á xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, régulanse os supostos exceptuados «ex ante» do pagamento da compensación e, como complemento a isto, prevese un sistema de reembolso «ex post» aplicable a aqueles casos non exceptuados en que o consumidor final, tendo aboado a compensación equitativa, xustifique o dereito ao seu reembolso por estar incurso en causa de exoneración ou por destinar o equipamento, aparello ou soporte material de reprodución adquirido a un uso exclusivamente profesional ou á súa exportación ou entrega intracomunitaria.

Até a aprobación da primeira normativa, tras a entrada en vigor deste real decreto lei, que determine os equipamentos, aparellos e soportes de reprodución suxeitos ao pagamento da compensación equitativa, así como a contía desta, régúlase unha solución transitoria que resultará de aplicación a partir da entrada en vigor deste real decreto lei. A dita solución transitoria parte da regulación anterior á aprobación do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, coas modificacións necesarias para adecualas á xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, á realidade tecnolóxica e ao prexuízo causado polo límite de copia privada no momento presente. Esta determinación temporal de equipamentos, aparellos, soportes de reprodución e contías, dado o seu carácter transitorio, en ningún caso vinculará como precedente de aplicación dos criterios previstos na lei para a elaboración da normativa definitiva reguladora de tales aspectos.

Como antes se sinalou, o feito de que a normativa que regulaba a compensación equitativa por copia privada perdese a súa vixencia polos recentes pronunciamentos xudiciais europeos e nacionais, pero non así o recoñecemento legal do límite ao dereito de reprodución por copia privada, debido á declaración de absoluta incompatibilidade

efectuada polo Tribunal Supremo entre o sistema de compensación que se aplicaba e o artigo 5.2.b) da referida Directiva 2001/29/CE, e a imposibilidade de adaptación do sistema de compensación equitativa por copia privada financiado con cargo aos orzamentos xerais do Estado, provoca que os titulares de dereitos de propiedade intelectual non dispoñan na actualidade de ningún sistema que lles permita compensar o prexuízo polos dereitos deixados de percibir como consecuencia do recoñecemento do límite de copia privada no noso ordenamento xurídico.

Isto produce unha situación de incumprimento do dereito europeo a que o Estado está obrigado a pór fin canto antes, tratándose dunha circunstancia que exige unha acción legislativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis (SSTC 6 e 111/83), o que xustifica a adopción das medidas que incorpora este real decreto lei, concorrendo, deste modo, a circunstancia de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española para a utilización da dita figura normativa.

A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos foi informada deste proxecto na súa reunión do día 3 de xullo de 2017.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de xullo de 2017,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.*

O texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, queda modificado como segue:

Un. O artigo 25 queda redactado do seguinte modo:

«1. A reprodución de obras divulgadas en forma de libros ou publicacións que para estes efectos se asimilen mediante real decreto, así como de fonogramas, videogramas ou doutros soportes sonoros, visuais ou audiovisuais, realizada mediante aparellos ou instrumentos técnicos non tipográficos, exclusivamente para uso privado, non profesional nin empresarial, sen fins directa nin indirectamente comerciais, de conformidade co artigo 31, números 2 e 3, orixinará unha compensación equitativa e única para cada unha das tres modalidades de reprodución mencionadas dirixida a compensar adecuadamente o prexuízo causado aos suxeitos acredores como consecuencia das reproducións realizadas ao abeiro do límite legal de copia privada. A dita compensación determinarase para cada modalidade en función dos equipamentos, aparellos e soportes materiais idóneos para realizar a dita reprodución, fabricados en territorio español ou adquiridos fóra deste para a súa distribución comercial ou utilización dentro do dito territorio.

2. Serán suxeitos acredores desta compensación equitativa e única os autores das obras sinaladas no número anterior, explotadas publicamente nalgunha das formas mencionadas no dito número, conxuntamente e, nos casos e modalidades de reprodución en que corresponda, cos editores, os produtores de fonogramas e videogramas e os artistas intérpretes ou executantes cuxas actuacións fosen fixadas nos ditos fonogramas e videogramas. Este dereito será irrenunciante para os autores e os artistas intérpretes ou executantes.

3. Serán suxeitos debedores do pagamento da citada compensación os fabricantes en España, en canto actúen como distribuidores comerciais, así como os adquirentes fóra do territorio español, para a súa distribución comercial ou utilización dentro deste, de equipamentos, aparellos e soportes materiais previstos no número 1.

Así mesmo, serán responsables solidarios do pagamento da compensación os distribuidores, grosistas e retallistas que sexan sucesivos adquirentes dos mencionados equipamentos, aparellos e soportes materiais, con respecto dos debedores que llelos subministrasen, salvo que acrediten ter satisfeito efectivamente a estes a compensación.

Os distribuidores, grosistas e retallistas que sexan sucesivos adquirentes dos mencionados equipamentos, aparellos e soportes materiais poderán solicitar ás entidades de xestión, conforme o procedemento para facer efectiva a compensación equitativa que se desenvolverá mediante real decreto, a devolución daquela no que corresponda ás vendas de equipamentos, aparellos e soportes materiais de reprodución a suxeitos exceptuados segundo o número 7.

4. A determinación dos equipamentos, aparellos e soportes materiais suxeitos ao pagamento da compensación equitativa, as cantidades que os debedores deberán aboar por este concepto aos acredores e a distribución da dita compensación entre as distintas modalidades de reprodución fixaranse mediante orde do Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais, por proposta dos ministerios de Educación, Cultura e Deporte e de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, logo de informe á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Con carácter previo á súa aprobación, será consultado o Consello de Consumidores e Usuarios e emitirá informe preceptivo a Sección Primeira da Comisión de Propiedade Intelectual.

Durante o procedemento de elaboración da dita orde darase audiencia ás entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual, aos interesados e ás asociacións maioritarias que representen os suxeitos debedores, de acordo co que determine o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, e todos estes deberán achegar unha proposta motivada respecto ao seu ámbito de interese, que irá acompañada dun informe xustificativo.

O centro directivo promotor da orde prestará primordial atención ás alegacións de cada parte interesada directamente relacionadas cos seus respectivos dereitos lexítimos específicos.

A orde poderá ser revisada en calquera momento en función da evolución tecnolóxica e das condicións do mercado. En calquera caso, deberá ser revisada, polo menos, cunha periodicidade de tres anos.

5. Para os efectos previstos no número anterior, terase en conta o seguinte:

a) A determinación da contía da compensación equitativa calcularase sobre a base do prexuízo causado aos suxeitos acredores como consecuencia das reproducións realizadas ao abeiro do límite ao dereito de reprodución previsto no artigo 31, números 2 e 3. Para isto teranse en conta, polo menos, os seguintes criterios obxectivos:

1.º A intensidade de uso dos equipamentos, aparellos e soportes materiais, para o que se terá en conta a estimación do número de copias realizadas ao abeiro do límite legal de copia privada.

2.º A capacidade de almacenamento dos equipamentos, aparellos e soportes materiais, así como a importancia da función de reprodución respecto ao resto de funcións daqueles.

3.º O impacto do límite legal de copia privada sobre a venda de exemplares das obras, tendo en conta o grao de substitución real destes polas copias privadas realizadas e o efecto que supón que o adquirente dun exemplar ou copia orixinal teña a posibilidade de realizar copias privadas.

4.º O prezo da unidade de cada modalidade reproducida.

5.º O carácter dixital ou analóxico das reproducións efectuadas ao abeiro do límite legal de copia privada, ou a calidade e o tempo de conservación das reproducións.

6.º A dispoñibilidade, grao de aplicación e efectividade das medidas tecnolóxicas a que se refire o artigo 160.3 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, e o seu impacto nas reproducións realizadas ao abeiro do límite legal de copia privada.

7.º As contías da compensación equitativa por copia privada que resulte de aplicación noutros Estados membros da Unión Europea sempre que existan bases homoxéneas de comparación.

b) Non darán orixe a unha obrigaón de compensación aquelas situacións en que o prexuízo causado ao titular do dereito de reprodución fose mínimo, que se determinarán mediante real decreto.

c) Non terán a consideración de reproducións para uso privado as seguintes:

1.º As efectuadas en establecementos dedicados á realización de reproducións para o público, ou que teñan á disposición do público os equipamentos, aparellos e materiais para a súa realización.

2.º As realizadas mediante equipamentos, aparellos e soportes de reprodución dixital que non se puxesen á disposición de dereito ou de feito de usuarios privados e que estean manifestamente reservados a usos distintos á realización de copias privadas.

d) Os equipamentos, aparellos e soportes materiais de reprodución concibidos manifestamente para uso profesional e que non se puxesen de dereito ou de feito á disposición de usuarios privados para a realización de copias privadas non estarán suxeitos ao pagamento da compensación equitativa por copia privada.

6. A obrigaón de pagamento da compensación prevista no número 1 deste artigo nacerá nos seguintes supostos:

a) Para os fabricantes en canto actúen como distribuidores e para os adquirentes de equipamentos, aparellos e soportes materiais fóra do territorio español con destino á súa distribución comercial neste, no momento en que o debedor transmita a propiedade ou, se for o caso, ceda o uso ou desfrute de calquera daqueles.

b) Para os adquirentes de equipamentos, aparellos e soportes materiais fóra do territorio español con destino á súa utilización dentro do dito territorio, desde o momento da súa adquisición.

7. Quedarán exceptuadas do pagamento da compensación as seguintes adquisicións de equipamentos, aparellos e soportes materiais de reprodución:

a) As realizadas polas entidades que integran o sector público segundo se establece no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, así como polo Congreso dos Deputados, o Senado, o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Tribunal de Contas, o Defensor do Pobo, as asembleas lexislativas das comunidades autónomas e as institucións autonómicas análogas ao Tribunal de Contas e ao Defensor do Pobo. Esta excepción poderase acreditar aos debedores e, se for o caso, aos responsables solidarios:

1.º Mediante unha certificación emitida polo órgano competente da Administración xeral do Estado, das administracións das comunidades autónomas, das entidades que integran a Administración local, das entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social, das universidades públicas, así como do Congreso dos Deputados, o Senado, o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Consello de Estado, o Tribunal de Contas, o Defensor do Pobo, as asembleas lexislativas das comunidades autónomas e as institucións autonómicas análogas ao Consello de Estado, ao Tribunal de Contas e ao Defensor do Pobo.

2.º Mediante unha certificación emitida polo órgano de dirección e tutela respecto das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social.

3.º Mediante unha certificación emitida pola Administración territorial de que dependan ou á cal estean vinculados o resto de entes que conforman o sector público.

b) As realizadas por persoas xurídicas ou físicas que actúen como consumidores finais, que xustifiquen o destino exclusivamente profesional dos equipamentos, aparellos ou soportes materiais adquiridos e sempre que estes non se puxesen, de dereito ou de feito, á disposición de usuarios privados e que estean manifestamente reservados a usos distintos á realización de copias privadas, o que deberán acreditar aos debedores e, se for o caso, aos responsables solidarios, mediante unha certificación emitida pola persoa xurídica prevista no número 10.

c) As realizadas por aqueles que contén coa preceptiva autorización para levar a efecto a correspondente reprodución de obras, prestacións artísticas, fonogramas ou videogramas, segundo proceda, no exercicio da súa actividade, o que deberán acreditar aos debedores e, se for o caso, aos seus responsables solidarios, mediante unha certificación emitida pola persoa xurídica prevista no número 10.

d) As realizadas por persoas físicas para uso privado fóra do territorio español en réxime de viaxeiros.

Na falta de certificación, os suxeitos beneficiarios da exceptuación poderán solicitar o reembolso da compensación.

8. Aquelas persoas xurídicas ou físicas non exceptuadas do pagamento da compensación poderán solicitar o reembolso desta:

a) Cando actúen como consumidores finais, xustificando o destino exclusivamente profesional do equipamento, aparello ou soporte material de reprodución adquirido, e sempre que estes non se puxesen, de dereito ou de feito, á disposición de usuarios privados e que estean manifestamente reservados a usos distintos á realización de copias privadas.

b) Cando os equipamentos, aparellos ou soportes materiais de reprodución adquiridos se destinasen á exportación ou entrega intracomunitaria.

Non se admitirán solicitudes de reembolso por importe inferior a vinte e cinco euros. Non obstante, se a solicitude de reembolso acumula a compensación equitativa aboada pola adquisición de equipamentos, aparellos e soportes materiais realizada nun exercicio anual, admitiranse mesmo cando non alcancen os vinte e cinco euros.

9. A compensación equitativa farase efectiva a través das entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual conforme o procedemento que se determine para tal efecto mediante real decreto, e estas deberán garantir aos debedores e aos responsables solidarios unha comunicación unificada da facturación que a estes lles corresponda aboar.

10. As entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual participarán na constitución, conforme a legalidade vixente, xestión e financiamento dunha persoa xurídica, que exercerá, en representación de todas elas, as seguintes funcións:

a) A xestión das exceptuacións do pagamento e dos reembolsos.

b) A recepción e posterior remisión ás entidades de xestión das relacións periódicas de equipamentos, aparellos e soportes de reprodución respecto dos que nace a obriga de pagamento da compensación, elaboradas polos suxeitos debedores e, se for o caso, polos responsables solidarios, no marco do procedemento para facer efectiva a compensación que se determine mediante real decreto.

c) A comunicación unificada da facturación.

11. Os debedores e os seus responsables solidarios permitirán á persoa xurídica que as entidades de xestión constitúan conforme o previsto no número anterior o control das adquisicións e das vendas suxeitas ao pagamento da compensación equitativa, así como daquelas afectadas polas excepcións establecidas no número 7. Así mesmo, os suxeitos que obtivesen a certificación de excepción facilitarán, por petición da referida persoa xurídica, os datos necesarios para comprobar que se mantén o efectivo cumprimento dos requisitos para ser beneficiario da excepción.

12. Para os efectos de que o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, no exercicio das súas funcións de inspección, vixilancia e control sobre as entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual, vele polo cumprimento das obrigacións da referida persoa xurídica, esta comunicará á Secretaría de Estado de Cultura, o día 1 de abril de cada ano, a seguinte información respecto do ano anterior:

- a) Unha listaxe pormenorizada das relacións periódicas de equipamentos, aparellos e soportes de reprodución respecto dos que nace a obriga de pagamento da compensación, elaborada polos suxeitos debedores e polos responsables solidarios.
- b) Unha listaxe pormenorizada das compensacións pagadas polos suxeitos debedores e polos responsables solidarios.
- c) A relación de certificacións de excepción e de reembolsos tramitadas.
- d) Canta información adicional o Ministerio de Educación Cultura e Deporte considere necesaria para exercer as súas funcións.

A dita información publicarase no sitio web do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Así mesmo, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte resolverá os conflitos que se lle presenten respecto das denegacións, pola referida persoa xurídica, dos certificados de excepción previstos nas letras b) e c) do número 7 e as solicitudes de reembolso do pagamento da compensación equitativa por copia privada previstas no número 8.»

Dous. A letra b) do artigo 31.2 queda redactada do seguinte modo:

«b) Que a reprodución se realice a partir dunha fonte lícita e que non se vulneren as condicións de acceso á obra ou prestación.»

Tres. Engádesse unha nova letra e) no artigo 154.5 e modifícase o parágrafo que a segue coa seguinte redacción:

«e) Ao financiamento da persoa xurídica que, se for o caso, se constitúa conforme o previsto no artigo 25.10.

A asemblea xeral de cada entidade de xestión deberá acordar anualmente as porcentaxes mínimas das cantidades recadadas e non reclamadas que se destinarán a cada unha das finalidades anteriormente sinaladas e que, en ningún caso, salvo nos supostos das anteriores letras d) e e), poderán ser inferiores a un 15 por cento por cada unha destas.»

Disposición adicional única. *Constitución da persoa xurídica prevista no artigo 25.10 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.*

1. As entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual deberán constituír a persoa xurídica prevista no artigo 25.10 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual no prazo de tres meses tras a entrada en vigor do presente real decreto lei.

2. Ningunha das entidades de xestión terá, por si mesma, capacidade para controlar a toma de decisións da referida persoa xurídica.

3. A referida persoa xurídica deberá contar cunha sede electrónica e cos recursos económicos suficientes para a realización das súas funcións e para o aboamento en tempo dos reembolsos que se lle soliciten.

4. As entidades de xestión comunicarán á Secretaría de Estado de Cultura o nome ou denominación e o domicilio da persoa xurídica que constituísen e presentarán, ademais, a documentación acreditativa da súa constitución, cunha relación individualizada das súas entidades membros en que se indique o seu nome e domicilio. O anterior será de aplicación a calquera cambio na referida persoa xurídica no relativo ao seu domicilio, número e calidade das entidades de xestión partícipes e, se for o caso, calquera modificación dos estatutos que rexan a persoa xurídica.

5. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte controlará os estatutos da referida persoa xurídica con carácter previo ao inicio das súas actividades.

Disposición transitoria primeira. *Publicacións asimiladas a libros.*

O Goberno determinará mediante real decreto as publicacións que se entenderán asimiladas aos libros para os efectos do artigo 25 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual. Transitoriamente, até a aprobación do dito real decreto, entenderanse asimiladas aos libros as publicacións de contido cultural, científico ou técnico sempre e cando:

- a) Estean editadas en serie continua cun mesmo título a intervalos regulares ou irregulares, de forma que os exemplares da serie leven unha numeración consecutiva ou estean datados, con periodicidade mínima mensual e máxima semestral.
- b) Teñan ao menos 48 páxinas por exemplar.

Disposición transitoria segunda. *Regulación transitoria da compensación equitativa por copia privada.*

1. Desde a entrada en vigor do presente real decreto lei e até a entrada en vigor do real decreto previsto na disposición derradeira primeira, a compensación que deberá satisfacer cada suxeito debedor ou responsable solidario será a resultante da aplicación das seguintes cantidades sobre os equipamentos, aparellos e soportes materiais que se indican a continuación:

a) Para equipamentos ou aparellos dixitais de reprodución de libros e publicacións asimiladas regulamentariamente a libros:

1.º Equipamentos multifuncionais de inxección de tinta ou láser e con capacidade de copia, impresión ou escaneamento: 5,25 euros por unidade.

2.º Equipamentos monofuncionais con capacidade de copia, impresión ou escaneamento de até 39 copias por minuto: 4,50 euros por unidade.

b) Para gravadoras de discos:

1.º De discos compactos específicos: 0,33 euros por unidade.

2.º De discos compactos mixtos: 0,33 euros por unidade.

3.º De discos versátiles específicos: 1,86 euros por unidade.

4.º De discos versátiles mixtos ou de discos compactos e versátiles: 1,86 euros por unidade.

c) Para soportes materiais de reprodución mixta, texto, sonora e visual ou audiovisual:

1.º Discos compactos non regravables: 0,08 euros por unidade.

2.º Discos compactos regravables: 0,10 euros por unidade.

3.º Discos versátiles non regravables: 0,21 euros por unidade.

4.º Discos versátiles regravables: 0,28 euros por unidade.

d) Memorias USB e outras tarxetas de memoria non integradas noutros dispositivos: 0,24 euros por unidade.

e) Para discos non integrados idóneos para a reprodución de videogramas, textos e fonogramas ou doutros contidos sonoros, visuais ou audiovisuais: 6,45 euros por unidade.

f) Para discos integrados nun equipamento, idóneos para a reprodución de videogramas, textos e fonogramas ou doutros contidos sonoros, visuais ou audiovisuais: 5,45 euros por unidade. Quedan exceptuados os discos integrados en videoconsolas que non permitan realizar reproducións amparadas polo límite de copia privada e en descodificadores de sinais de televisión dixital.

g) Para dispositivos portátiles reprodutores de fonogramas, videogramas, textos ou doutros contidos sonoros, visuais ou audiovisuais en formato comprimido, e dispositivos electrónicos portátiles con pantalla táctil: 3,15 euros por unidade.

h) Para teléfonos móbiles con funcionalidade de reprodución de fonogramas, videogramas e textos ou doutros contidos sonoros, visuais ou audiovisuais: 1,10 euros por unidade.

Non poderá aplicarse máis dunha cantidade das previstas neste punto aos ordenadores, portátiles ou de sobremesa, nin aos dispositivos previstos nas letras g) e h).

2. Os debedores presentarán á persoa xurídica constituída segundo o previsto no artigo 25.10 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, dentro dos trinta días seguintes á finalización de cada trimestre natural, unha relación das unidades, capacidade e características técnicas dos equipamentos, aparellos e soportes materiais de reprodución respecto dos cales nace a obriga de pagamento da compensación prevista no número 1 durante o dito trimestre.

Co mesmo detalle deducirán as cantidades correspondentes aos equipamentos, aparellos e soportes materiais destinados fóra do territorio español e ás entregas exceptuadas en virtude do establecido no artigo 25.7.a) do citado texto refundido. Deberanse detallar, de cada entrega exceptuada, a data e o número da factura, e a denominación da entidade adquirente exceptuada.

Os debedores aludidos no artigo 25.6.b) do citado texto refundido farán a presentación da referida relación trimestral de unidades dentro dos cinco días seguintes ao nacemento da obriga.

Os distribuidores, grosistas e retalistas que sexan sucesivos adquirentes dos mencionados equipamentos, aparellos e soportes materiais farán a presentación da referida relación trimestral de unidades respecto dos equipamentos, aparellos e soportes materiais adquiridos por eles en territorio español de debedores que non lles repercutisen e fixesen constar na factura a correspondente compensación. Así mesmo, deberán cumprir coa obriga prevista anteriormente respecto das entregas exceptuadas en virtude do establecido no artigo 25.7.a) do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

3. Unha vez recibida a relación trimestral de unidades, a persoa xurídica mencionada no número 2 remitirállela ás entidades de xestión correspondentes.

4. Cada entidade de xestión, á vista da dita relación, emitirá unha factura a nome do debedor ou, se for o caso, do responsable solidario, co importe da compensación que este debe pagar. En caso de que deba efectuarse unha devolución do importe da compensación aboada polo debedor ou polo seu responsable solidario, a entidade de xestión, logo das comprobacións que procedan, comunicarállelo a estes nun prazo non superior a dous meses desde a finalización do prazo de presentación da relación trimestral de unidades, para os efectos de que emitan unha factura, a nome da entidade de xestión en cuestión, co importe da compensación que esta debe pagar, que será aboado dentro do mes seguinte á súa data de emisión.

As entidades de xestión realizarán unha comunicación unificada da facturación aos debedores ou, se for o caso, aos responsables solidarios a través da persoa xurídica mencionada no número 2.

5. O pagamento da compensación efectuarana os debedores ou os responsables solidarios dentro do mes seguinte á data de finalización do prazo de presentación da relación trimestral de unidades a que se refire o número 3. Os debedores e, se for o caso,

os responsables solidarios consideraranse depositarios da compensación devindicada até o efectivo pagamento desta. As entidades de xestión que reciban estes pagamentos deberán aprovisionar ao menos o 30 por cento das cantidades percibidas até o momento en que se realicen os reembolsos a que se fai referencia no número 7 desta disposición.

6. Os debedores e os responsables solidarios recollidos no artigo 25.3 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual deberán repercutir o importe da compensación de forma separada na factura que entreguen ao seu cliente e indicar, no caso de que o cliente sexa consumidor final, o dereito deste a obter o reembolso do dito importe se cumpre os requisitos previstos no artigo 25.8 do citado texto refundido.

Cando o importe da compensación non apareza de forma separada en factura, presumirase, salvo proba en contrario, que a compensación devindicada polos equipamentos, aparellos e soportes materiais que comprenda non foi satisfeita.

7. As persoas xurídicas ou físicas que, tendo aboado a compensación regulada no número 1, teñan dereito ao seu reembolso por cumpriren os requisitos previstos no artigo 25.8 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, poderán exercer a súa acción, ante a persoa xurídica mencionada no número 2, a partir do día seguinte á entrada en vigor do real decreto previsto na disposición derradeira primeira.

Disposición transitoria terceira. *Equipamentos, aparellos e soportes materiais de reprodución adquiridos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012.*

1. Coa excepción dos casos de liquidación e pagamento indebidos ocasionados por erros de tipo material ou aritmético que dean dereito ao seu reembolso, entenderase que non procede a devolución do importe aboado ou repercutido pola aplicación do réxime de compensación equitativa por copia privada aos fabricantes, distribuidores, grosistas ou retalistas e compradores finais por cantidades devindicadas con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012, data de entrada en vigor do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, e conforme a normativa daquela vixente, pola adquisición de equipamentos, aparellos e soportes materiais de reprodución afectados polo dito réxime de compensación.

2. Será de aplicación a normativa vixente en materia de copia privada anterior á entrada en vigor do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, aos debedores e, se for o caso, aos responsables solidarios que xa adquirisen tal condición en relación coa dita obrigación legal antes do 1 de xaneiro de 2012 e non presentasen a declaración-liquidación correspondente, ou non aboasen as cantidades oportunas, conforme a normativa aplicable, polos equipamentos, aparellos e soportes materiais adquiridos antes da citada data. Así mesmo, as entidades de xestión deberán aplicar ás cantidades que recaden no sentido deste punto todas as obrigacións previstas na referida normativa que lles resulten de aplicación.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada a disposición adicional terceira do texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

No prazo máximo dun ano desde a entrada en vigor do presente real decreto lei, deberá aprobarse un real decreto que desenvolva regulamentariamente as disposicións incluídas neste e que, aplicando o procedemento e os criterios contidos, respectivamente, nos números 4 e 5 do artigo 25 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, determine por primeira vez, con carácter non transitorio, os equipamentos, aparellos e soportes materiais suxeitos ao pagamento da compensación equitativa, as cantidades que os debedores deberán aboar por este concepto aos acredores e a distribución da dita compensación entre as distintas modalidades de reprodución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día 1 do mes seguinte á súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», sen prexuízo de que a primeira determinación prevista no número 4 do artigo 25 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual se fixará mediante o real decreto previsto na disposición derradeira primeira.

Dado en Madrid o 3 de xullo de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY